



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 15 DE MARZO DE 2011.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 15 de marzo de 2011, sendo as oito horas e trinta minutos, na Sala de Sesións da Casa Consistorial, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. ACORDO DE IMPOSICIÓN E APROBACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES

Abre a sesión o Sr. Alcalde sinalando que coa convocatoria desta sesión fixen achegar a todos vostedes unha copia do borrador da ordenanza para que tiveran xa coñecemento do seu contido ós efectos de podela debater neste Pleno. Nembargantes, o secretario dará lectura ó contido da proposta. O secretario da conta da mesma, que, de seguido, se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA Ó CONCELLO PLENO

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando necesario o establecemento da taxa polo servizo de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, e a aprobación da correspondente Ordenanza fiscal.

Visto o informe de secretaría-intervención e incorporados ó expediente os documentos preceptivos esixidos pola lexislación vixente, de conformidade co artigo 17 do Real Decreto



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Lexislativo 2/2004, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e o artigo 22.2.d) e e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, propoño ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a imposición da taxa polo servizo de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, e aprobar provisionalmente a Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de distribución de auga, incluídos os dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores, que, de seguido, se transcribe.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUIDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE, COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES

Artigo 1. Fundamento e réxime.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da constitución e polo artigo 106 da lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 e 20 a 27 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido regulador das facendas locais, este concello establece a taxa pola distribución de auga, incluídos dereitos de enganche, colocación e utilización de contadores.

Artigo 2. Feito imponible.

Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal desenrolada con motivo da distribución de auga potable a domicilio, o enganche de liñas á rede xeral e a colocación e utilización de contadores.

Artigo 3. Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiados polos servizos a que se refire esta ordenanza.

Terán consideración de substitutos do contribuínte os propietarios das vivendas ou locais ás que se provea do servizo, as cales poderán repercutir, no seu caso, as costas sobre os respectivos beneficiados.

Artigo 4. Responsables.-

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da lei xeral tributaria.

Serán responsables subsidiarios das obrigas tributarias as persoas ou entidades nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da lei xeral tributaria.

Artigo 5. Base imponible e base liquidable.-

A base do presente tributo estará constituída por:

Nas acometidas á rede xeral: o feito da conexión á rede por cada vivenda, local ou industria.

No subministro ou distribución de augas: os metros cúbicos de auga consumida no inmovible onde estea instalado o servizo.

Na colocación e utilización de contadores: o custo do contador, a súa instalación e mantemento.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

6.- Cota tributaria:

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a establecida nas seguintes tarifas:

<i>Usos domésticos, agrícolas, gandeiros e comerciais</i>	
<i>Cota fixa trimestral</i>	<i>3 euros/abonado trimestre</i>
<i>Consumo</i>	
<i>De 0 a 30 m3/ abonado trimestre</i>	<i>0,30 €/m3</i>
<i>De 31 a 60 m3/abonado trimestre</i>	<i>0,45 €/m3</i>
<i>Máis de 60 m3/abonado trimestre</i>	<i>0,65 €/m3</i>
<i>Usos industriais</i>	
<i>Cota fixa trimestral</i>	<i>4,50 €/abonado trimestre</i>
<i>Consumo</i>	
<i>De 0 a 30 m3/ abonado trimestre</i>	<i>0,35 €/m3</i>
<i>De 31 a 60 m3/abonado trimestre</i>	<i>0,50 €/m3</i>
<i>Máis de 60 m3/abonado trimestre</i>	<i>0,70 €/m3</i>
<i>Usos para obras:</i>	
<i>Cota fixa trimestral</i>	<i>5 €/abonado trimestre</i>
<i>Consumo</i>	
<i>De 0 a 30 m3/ abonado trimestre</i>	<i>0,40 €/m3</i>
<i>De 31 a 60 m3/abonado trimestre</i>	<i>0,55 €/m3</i>
<i>Máis de 60 m3/abonado trimestre</i>	<i>0,75 €/m3</i>
<i>Dereitos de acometida á rede municipal</i>	<i>200,00 €</i>
<i>Subministro e instalación de contador, válvula de corte, válvula antirretorno e racores necesarios para a conexión</i>	<i>72,00€</i>
<i>Exceso de 5 metros á rede en entubado de 1" facturárase previo orzamento realizado polo concello. (para diámetros diferentes a 1" realizarase estudio específico)</i>	<i>11,00 €/m en terra 21,00 €/m en asfalto 24,00 €/m en aceiras</i>

As tarifas veranse incrementadas, no seu caso, co correspondente IVE.

Artigo 7.-Devengo.

A obriga de contribuír nacerá no momento de prestarse o servizo previa a correspondente solicitude ou desde que se utilice este sen obter a previa autorización, debendo depositarse previamente o pago correspondente ó enganche e contadores.

Artigo 8.-Exencións e bonificacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, non se recoñece beneficio tributario algún, salvo os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 9.-Normas de xestión.

1.- Os solicitantes de acometida de enganche farán constar ó fin a que destinan a auga, advertíndose que calquera infracción ou aplicación diferente de aquela para a que se solicita, será sancionado cunha multa na cantidade que resulte da liquidación do fraude, sen prexuízo de retirarlle o



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

abastecemento de auga. Tódalas concesións, responden a unha póliza ou contrato subscrito polo particular e o Concello que se fará por duplicado exemplar.

2.- A concesión do servizo outorgarase mediante acto administrativo, previa solicitude do intereado no concello, e quedará suxeito ás disposicións da presente ordenanza e as que se fixasen no oportuno contrato. Será por tempo indefinido en tanto as partes non manifesten por escrito a súa vontade de rescindir o contrato e por parte do suministrador se cumpran as condicións prescritas nesta ordenanza e o contrato que queda dito.

3.- Ningún abonado pode dispoñer da auga máis que para aquilo que lle foi concedida salvo causa de forza maior, quedando terminantemente prohibido, a cesión de balde ou a rebenta de auga.

4.- O Concello por providencia do señor alcalde, pode, sen outro trámite, cortar o abastecemento de auga a un abonado cando negue a entrada ó domicilio para o exame das instalacións, cando ceda a título de balde e onerosamente a auga a outra persoa, cando non pague puntualmente as cotas de consumo, cando exista rotura de precintos, selos ou outra marca de seguridade posta polo Concello.

5.- O cobro da taxa por consumo farase mediante recibos trimestrais previa aprobación e publicación do correspondente padrón. Os dereitos de enganche e de contadores faranse efectivos unha vez aprobada a solicitude.

6.-As débedas por esta taxa poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento, de acordo co Regulamento xeral de recadación.

7.-En caso de que por escasez de caudal, augas sucias, sequías, xeadas, reparacións, etc., o Concello tivera que suspender total ou parcialmente o subministro, os abonados non terán dereito a reclamación algunha, nin indemnización por danos, prexuízos ou calquera outros conceptos, entendéndose neste sentido que a concesión faise a título precario.

Artigo 10. Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así coma das sancións que ós mesmos correspondan en cada caso, estarase ó disposto no artigo 77 e seguintes da lei xeral tributaria.

Disposición Final.

A presente ordenaza fiscal foi aprobada inicialmente polo Pleno da corporación na sesión celebrada o día 15 de marzo de 2011 e entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

SEGUNDO: Proceder ó trámite de información pública polo prazo de trinta días hábiles no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia, contados a partir do día seguinte ó da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os interesados poidan presentar as reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

TERCEIRO: Se os interesados presentasen reclamacións ou suxestións serán resoltas polo Pleno. No caso de que non se presentasen reclamacións ou suxestións, se entenderán definitivamente adoptados os acordos ata entón provisionais, procedéndose á publicación do acordo de imposición e o texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

En Mesía, 10 de marzo de 2011. O Alcalde, Asdo./ Mariano Iglesias Castro”

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o pasado tres de marzo a Xunta de Galicia fíxo definitivamente a entrega, e, en consecuencia, recepcionaronse polo Concello, as obras da



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

rede de distribución de auga. Para poñer en funcionamento a rede é imprescindible regular a correspondente taxa, debendo terse en conta así mesmo que coa tramitación do Plan Xeral é necesario tamén ter implantado este servizo. O cadro de prezos que se establece na mesma coido que é módico, sobre todo tendo en conta a media dos concellos do noso entorno, todo isto sen prexuízo de que en función de cómo vaia o servizo poderíase modificar a ordenanza, como non podería ser doutro xeito. En todo caso, hai que ter en conta que a auga sáelle a este concello moi cara debido a que hai que bombear moita distancia e moito desnivel. O servizo vai ser deficitario, como o son a maioría, pero procuraremos que se enganche moita xente e, dependendo de cómo evolucione, poderían introducirse variacións en función dos abonados e posibles anomalías que puideran xurdir. En principio, para a posta en funcionamento do servizo, contaremos coa asistencia dunha empresa especializada celebrando un contrato de ata un ano de duración, e posteriormente haberá que optar por outra vinculación contractual. Paso a palabra ós voceiros dos grupos para que manifesten o que estimen oportuno.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que, o fío do que vostede comenta relativo á necesidade de que se enganche o maior número de xente posible, e tendo en conta a situación actual e as circunstancias socioeconómicas do noso concello, cun importante número de xubilados, as tarifas de acometida e contadores, que son máis de trescentos euros co IVE, parécenos excesiva, tendo en conta ademáis que hai xente que xa conta cun pozo. Os prezos polo consumo parécenos ben pero debería reducirse ou ser gratuito o enganche e os contadores, polo que ímonos abster na votación.

Toma de seguido a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que dende o noso grupo, tendo en conta a situación actual e o tipo de economías deste concello, así como que os nosos veciños tampouco é que teñan un exceso de servizos, nesta fase inicial, aínda que supoño que haberá un cálculo, entendemos que, aínda que non sexan excesivos, habería que esperar a ver a acollida da posta en marcha do servizo. O noso grupo vaise abster na votación.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen manifesta que todos coincidimos na situación actual de especiais dificultades económicas. As cantidades representan o cincuenta por cento de calquera concello limítrofe. Todos vostedes faranse unha idea dos recursos que ten este concello, subsidiado no setenta e catro por cento. Estase a facer un esforzo grande, imos a asumir o sesenta por cento do gasto, e tampouco podemos ser discriminatorios e dar hoxe gratis a uns e mañá cobrar o dobre a outros. Que máis quixera eu que prestar o servizo gratis, pero aínda co que se propón agora, xa é un esforzo moi grande para as arcas do concello.

Pregunta o Sr. Álvarez cantos veciños prevése que se van enganchar, ó que resposta o Sr. Alcalde que a estimación estableceuse en torno ós douscentos veciños.

Pregunta o Sr. Pedreira en qué ámbito se vai desenrolar o servizo, ó que resposta o Sr. Alcalde que en todas as parroquias donde hai rede. Pregunta así mesmo o Sr. Pedreira



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

a canto ascenden as previsións de deficit, respostando o Sr. Alcalde que, en principio, en torno ós vinte mil euros anuais.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: seis votos a favor correspondentes ós concelleiros do PSdeG-PSOE, e cinco abstencións, tres correspondentes ós concelleiros do PP, e dous correspondentes ós concelleiros do BNG, quedando polo tanto adoptado o acordo transcrito.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as nove horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,